

07Profesorado

A política de profesorado baseouse no principio de promoción mediante a cualificación. Para desenvolver este principio utilizaronse ferramentas como a transitoria terceira dos Estatutos, o compromiso de estabilidade para os axudantes, o programa de promoción para os titulares de escola e profesores colaboradores, o programa de promoción do PDI acreditado, o programa de promoción dos investigadores contratados Isidro Paraga Pondal e os acordos acadados nos convenios colectivos de 2006 e 2010 para o PDI laboral do Sistema Universitario Galego.

Os resultados obtidos coa aplicación deste principio permitiu pasar de 577 a 733 profesores permanentes doutores no período 2004-2010, o que supuxo un incremento do 27% no colectivo que, despois da modificación da LOU en 2007, pasa a constituír o núcleo fundamental do profesorado da Universidade. Este incremento medio do 3,8% anual é maior nos últimos tres anos, o que evidencia a adecuación das medidas adoptadas e unha mellora cualitativa, fundamental desde o punto de vista estrutural, do cadro do PDI da nosa Universidade.

Como aplicación práctica da promoción e estabilización do profesorado durante o ano 2010 convocáronse 97 prazas de profesorado doutor permanente ou con compromiso de estabilidade, 13 de catedrático de uni-

versidade, 19 de titular de universidade, 44 de profesor contratado doutor e 21 de axudante doutor.

En decembro, despois dos informes favorables das consellerías de Presidencia e de Facenda e dos consellos sociais das universidades da Coruña Santiago e Vigo, pechouse o segundo convenio colectivo do PDI laboral das tres universidades do sistema universitario galego. Cómpre destacar que tras longas negociacións se conseguiu un acordo por unanimidade con todas as centrais sindicais con representación no sector (CC.OO, CIG, UXT e CSI-CSIF). Este acordo supón a consolidación do sistema universitario galego como marco para tratar os temas laborais das tres universidades e un paso importante na homoxeneización das condicións de traballo e salariais dentro do SUG, ao tempo que facilita outros posibles novos acordos de cooperación.

Este segundo convenio mantén a filosofía de utilizar como referencia as condicións do PDI funcionario equivalente, tanto no salario como na xornada laboral. Amplía o ámbito de aplicación ao persoal investigador e en formación contratado en réxime laboral con base en programas estatais, autonómicos e das propias universidades equivalentes aos anteriores. A este persoal aplicaráselle subsidiariamente o establecido no convenio para todo o que non estea regulado nos

propios programas. Desenvolveuse amplamente o título de licenzas, vacacións e excedencias ao incorporar as mellores condicións da normativa funcionarial estatal e autonómica.

En novembro de 2010, o Consello de Goberno aprobou a adscrición funcional de materias de grao para os efectos de encargo docente e modificou o aprobado o ano anterior, na liña de ir adaptando a normativa á nova estrutura académica dos graos e aproveitando as experiencias previas.

A conferencia sectorial de profesorado das universidades españolas recomendou que a asignación de docencia fixese considerando os recursos humanos dispoñibles e tendo en conta a súa cualificación. A UDC aordou tomar como base para esta organización as áreas de coñecemento en que estaba encadrado o profesorado desde a LRU. A nova organización dos estudos de grao, con 60 créditos de materias básicas dentro da rama de coñecemento para facilitar a mobilidade, aconsella procurar unha medida organizativa que corresponda a un número intermedio entre as cinco ramas de coñecemento da nova estrutura e as 146 áreas da anterior organización existentes na UDC. Nesta liña, aprobouse que os centros propuxesen a adscrición das

materias a un mínimo de tres áreas (coas excepcións que correspondan) tendo en conta o seguinte:


- 1.^a A afinidade dos contidos da materia coa área de coñecemento, tendo en conta tamén as actividades de investigación e a transferencia de coñecemento.
- 2.^o A adscrición previa das materias equivalentes dos anteriores plans de estudo seguindo o cadro establecido na memoria do grao para as validacións.
- 3.^o As orientacións dos libros brancos da correspondente titulación ou as directrices propias do título de grao.

Esta nova organización, con arredor de 50 agrupacións de áreas, debe permitir conseguir os obxectivos máis que razoables marcados pola CRUE e aprobados polo Claustro universitario dentro das liñas xerais orzamentarias.

Por último, o programa propio da UDC de profesores visitantes permitiu que se desprazasen á UDC en 2010 vinte profesores de distintas universidades de fóra do SUG para colaborar en labores de formación docente e investigadora co profesorado da nosa universidade.

Categoría	Dedicación				Total
	Completa		Parcial		
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	
Asociado/a	0	0	31	71	102
Asociado/a tipo 1	0	0	18	3	21
Asociado/a tipo 2	0	1	0	2	3
Asociado/a tipo 3	6	11	7	83	107
Asociado/a tipo 3 de substitución	0	0	3	13	16
Axudante doutor/a	20	14	0	0	34
Axudante LOU	18	19	0	0	37
Catedrático/a de escola universitaria	16	30	0	0	46
Catedrático/a de universidade	18	119	0	4	141
Colaborador/a	22	48	0	0	70
Contratado/a doutor/a	63	91	0	0	154
Contratado/a interino/a	0	0	0	3	3
Contratado/a interino/a de substitución	33	27	22	24	106
Emérito/a	1	2	0	0	3
Lector/a idiomas	6	2	0	0	8
Mestres/as de taller ETS Mariña Civil	0	2	0	0	2
Profesor/a interino/a de EO Náutica	1	0	0	0	1
Profesor/a asociado/a CC. da Saúde	0	0	1	2	3
Profesor/a do INEF de Galicia	5	27	0	0	32
Profesor/a numerario/a EO Náutica	2	3	0	0	5
Titular de escola universitaria	60	114	2	10	186
Titular de universidade	148	243	0	1	392
Titular interino de EU	0	1	0	0	1
Outros (persoal investigador)	25	15	0	0	40
Total	444	769	84	216	1513

Cadro 150 Profesores/as por categorías (decembro 2010)



Cadro 151 Evolución do persoal docente e investigador. Número de profesores/as

Centro	PDI Doutor		Total
	Mulleres	Homes	
Escola Politécnica Superior	15	41	56
ETS de Arquitectura	8	30	38
ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais E Portos	6	49	55
ETS de Náutica e Maquinas	4	15	19
EU de Arquitectura Técnica	5	4	9
EU de Deseño Industrial		4	4
EU de Enfermaría e Podoloxía	5	10	15
EU de Fisioterapia	6	10	16
EU Politécnica	11	18	29
Facultade de Ciencias	56	57	113
Facultade de Dereito	21	50	71
Facultade CC. do Deporte e a Educación Física	6	30	36
Facultade de Ciencias da Comunicación	8	3	11
Facultade de Ciencias da Educación	47	41	88
Facultade de Ciencias da Saúde	1	10	11
Facultade de Ciencias do Traballo	2	1	3
Facultade de Economía e Empresa	36	59	95
Facultade de Filoloxía	29	32	61
Facultade de Humanidades	13	16	29
Facultade de Informática	28	87	115
Facultade de Socioloxía	10	18	28
Total	317	585	902

Cadro 152 Profesorado doutor por centros (decembro 2010)

Área de coñecemento	Núm. de doutores		Total
	Mulleres	Homes	
Álgebra	4	4	8
Análise Xeográfica Rexional	0	1	1
Anatomía e Embrioloxía Humana	1	4	5
Antropoloxía Social	0	3	3
Arquitectura e Tecnoloxía de Computador	3	11	14
Asistencia e Investigación Sanitaria	0	1	1
Astronomía e Astrofísica	1	0	1
Biblioteconomía e Documentación	7	2	9
Bioloxía Celular	5	2	7
Bioquímica e Bioloxía Molecular	5	1	6
Botánica	1	3	4
Ciencia dos Materiais e Enxeñaría Metalúrxica	3	4	7
Ciencia Política e da Administración	1	1	2
Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial	10	40	50
Ciencias e Técnicas da Navegación	1	5	6
Cirurxía	0	1	1
Comercialización e Investigación de Mercados	1	5	6
Composición Arquitectónica	0	4	4
Comunicación Audiovisual e Publicidade	7	2	9
Construcións Arquitectónicas	2	5	7
Construcións Navais	2	12	14
Dereito Administrativo	4	7	11
Dereito Civil	3	8	11
Dereito Constitucional	2	3	5
Dereito do Traballo e da Seguridade Social	0	4	4
Dereito Eclesiástico do Estado	2	1	3
Dereito Financeiro e Tributario	1	3	4
Dereito Internacional Privado	0	2	2
Dereito Internacional Publicidade e Relacións Internac.	3	2	5
Dereito Mercantil	2	7	9
Dereito Penal	3	2	5
Dereito Procesual	0	3	3
Dereito Romano	0	3	3

Área de coñecemento	Núm. de doutores		Total
	Mulleres	Homes	
Didáctica da Expresión Corporal	2	1	3
Didáctica da Expresión Musical	1	0	1
Didáctica da Lingua e da Literatura	1	2	3
Didáctica da Matemática	1	1	2
Didáctica das Ciencias Experimentais	3	1	4
Didáctica das Ciencias Sociais	1	0	1
Didáctica e Organización Escolar	11	3	14
Docencia en Mestrados	1	5	6
Ecología	0	3	3
Economía Aplicada	13	20	33
Economía Financeira e Contabilidade	10	9	19
Edafoloxía e Química Agrícola	1	2	3
Educación Física e Deportiva	6	28	34
Enfermaría	5	3	8
Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotónica	0	1	1
Enxeñaría da Construción	4	6	10
Enxeñaría de Sistemas E Automática	0	4	4
Enxeñaría do Terreo	0	8	8
Enxeñaría dos Procesos de Fabricación	0	1	1
Enxeñaría e Infraestrutura dos Transportes	1	2	3
Enxeñaría Eléctrica	0	4	4
Enxeñaría Hidráulica	0	6	6
Enxeñaría Mecánica	5	14	19
Enxeñaría Nuclear	1	0	1
Enxeñaría Química	4	5	9
Enxeñaría Telemática	0	9	9
Estatística e Investigación Operativa	7	11	18
Estratigrafía	1	0	1
Expresión Gráfica Arquitectónica	0	8	8
Expresión Gráfica da Enxeñaría	1	1	2
Farmacoloxía	0	1	1
Filoloxía Francesa	1	0	1
Filoloxía Galega e Portuguesa	5	7	12
Filoloxía Inglesa	8	9	17

Cadro 153 Profesorado doutor por área de coñecemento en 2010 (segue)

Área de coñecemento	Núm. de doutores		Total
	Mulleres	Homes	
Filoxía Latina	0	4	4
Filoxía Románica	2	0	2
Filosofía	0	2	2
Filosofía do Dereito	2	5	7
Filosofía Moral	0	1	1
Física Aplicada	7	7	14
Física da Materia Condensada	1	0	1
Fisioloxía	0	4	4
Fisioloxía Vexetal	2	2	4
Fisioterapia	3	1	4
Fundamentos da Análise Económica	3	14	17
Historia Antiga	0	2	2
Historia Contemporánea	1	1	2
Historia da Arte	3	1	4
Historia do Dereito e das Institucións	1	2	3
Historia do Pensamento e Movementos Sociais e Políticos	0	1	1
Historia e Institucións Económicas	2	4	6
Historia Medieval	1	1	2
Historia Moderna	0	2	2
Lingua Española	4	4	8
Linguaxes e Sistemas Informáticos	2	6	8
Lingüística Xeral	2	3	5
Literatura Española	6	2	8
Lóxica e Filosofía da Ciencia	0	1	1
Máquinas e Motores Térmicos	1	8	9
Matemática Aplicada	10	23	33
Mecánica de Flúidos	2	2	4
Mecánica dos Medios Cont. e Teoría de Estrut.	2	15	17
Medicina	2	6	8
Medicina Preventiva e Saúde Pública	1	3	4
Metodoloxía das Ciencias do Comportamento	2	1	3

Área de coñecemento	Núm. de doutores		Total
	Mulleres	Homes	
Métodos de Invest. e Diagnóstico en Educ.	9	2	11
Microbioloxía	3	3	6
Organización de Empresas	6	8	14
Otorrinolaringoloxía	0	2	2
Paleontoloxía	1	3	4
Personalidade, Avaliación e Trat. Psicol.	3	3	6
Proxectos Arquitectónicos	2	2	4
Psicobioloxía	2	2	4
Psicoloxía Básica	1	2	3
Psicoloxía Evolutiva e da Educación	7	9	16
Psicoloxía Social	1	4	5
Psiquiatría	0	1	1
Química Analítica	13	5	18
Química Física	6	7	13
Química Inorgánica	6	7	13
Química Orgánica	1	9	10
Radioloxía e Medicina Física	1	4	5
Socioloxía	11	15	26
Tecnoloxía do Medio Ambiente	0	4	4
Tecnoloxía Electrónica	1	4	5
Teoría da Literatura	1	2	3
Teoría do Sinal e Comunicacions	1	2	3
Teoría e Historia da Educación	1	4	5
Traumatoloxía e Ortopedia	0	1	1
Urbanística e Ordenación do Territorio	0	5	5
Xenética	4	2	6
Xeodinámica Externa	1	1	2
Xeografía Humana	0	1	1
Xornalismo	1	1	2
Zooloxía	2	7	9
Total	317	585	902

Cadro 153 (continuación) Profesorado doutor por área de coñecemento

	Contratos ou prazas que se amortiza ou substitúe													
	Axudante doutor/ar	Axudante LOU	Catedrático/a de EU	Contratado/a interino/a de substitución	Investigador/a Programa Parga Pondal	Profesor/a asociado/a tipo 1	Profesor/a asociado/a tipo 3	Profesor/a asociado/a tipo 3 de substitución	Profesor/a colaborador/ar	Profesor/a colaborador/a doutor/ar	Profesor/a contratado/a doutor/a	Profesor/a titular de universidade	Prazas novas	Total
Catedrático/a de universidade			1									12		13
Profesor/a titular de universidade											14		5	19
Profesor/a contratado/a doutor/a	13	4		1	6		1		1				18	44
Axudante doutor/a		11		1									9	21
Contratado/a interino/a de substitución													46	46
Profesor/a asociado/a tipo 1													5	5
Profesor/a asociado/a tipo 3													60	60
Total	13	14	1	2	6		1		1		14	12	66	208

Cadro 154 Concursos de profesorado convocados en 2010 por categorías

	Axudante doutor/a	Catedrático/a de universidade	Contratado/a interino/a de substitución	Profesor/a asociado/a tipo 1	Profesor/a asociado/a tipo 3	Profesor/a contratado/a doutor/a	Profesor/a titular de universidade	Total xeral
Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores						3	1	4
Bioloxía Celular	1		1					2
Bioquímica e Bioloxía Molecular		1						1
Botánica	1							1
Ciencia dos Materiais e Enxeñaría Metalúrxica						1		1
Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial	4		2		1	4	3	14
Comercialización e Investigación de Mercados						4		4
Composición Arquitectónica						1		1
Comunicación Audiovisual e Publicidade	2		1		1			4
Construcións Arquitectónicas			6					6
Construcións Navais			1		1	1		3
Dereito Administrativo		1	1		2	2		6
Dereito Civil		1						1
Dereito Internac. Públ. e Relacións Intern.							1	1
Dereito Mercantil					1			1
Dereito Penal		1						1
Dereito Procesual			2		1			3
Didáctica da Lingua e da Literatura			2				2	4
Didáctica da Matemática			1					1
Didáctica das Ciencias Experimentais			1			1		2
Didáctica das Ciencias Sociais			1					1
Didáctica e Organización Escolar	1		1			1		3
Economía Aplicada			3				1	4
Economía Financeira e Contabilidade	2		3				1	6


Cadro 155 Concursos convocados en 2010 por áreas de coñecemento (segue)

	Axudante doutor/a	Catedrático/a de universidade	Contratado/a interino/a de substitución	Profesor/a asociado/a tipo 1	Profesor/a asociado/a tipo 3	Profesor/a contratado/a doutor/a	Profesor/a titular de universidade	Total xeral
Edafoloxía e Química Agrícola						1		1
Educación Física e Deportiva			1					1
Enfermaría				1				1
Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogram.			1					1
Enxeñaría da Construción	2							2
Enxeñaría de Sistemas e Automática			2					2
Enxeñaría Mecánica						1		1
Enxeñaría Química		2						2
Enxeñaría Telemática			1			2		3
Farmacoloxía					2			2
Filoloxía Galega e Portuguesa		1						1
Filoloxía Inglesa						1	1	2
Física Aplicada	1					2	2	5
Fisioloxía		1						1
Fisioloxía Vexetal	1						1	2
Fisioterapia			2					2
Fundamentos da Análise Económica			1					1
Historia da Ciencia					1			1
Historia e Institucións Económicas		2				4		6
Historia Medieval							1	1
Lingua Española	1							1
Linguaxes e Sistemas Informáticos	1							1
Máquinas e Motores Térmicos			1				1	2
Matemática Aplicada						1	1	2


Cadro 155 Concursos convocados en 2010 por áreas de coñecemento (segue)

	Axudante doutor/a	Catedrático/a de universidade	Contratado/a interino/a de substitución	Profesor/a asociado/a tipo 1	Profesor/a asociado/a tipo 3	Profesor/a contratado/a doutor/a	Profesor/a titular de universidade	Total xeral
Mecánica de Fluídos						1		1
Mecánica dos Medios Cont. e Teoría de Estrut.						1		1
Métodos de Investigación e diagnóstico en Educ.			2					2
Microbioloxía	1	1						2
Organización de Empresas	2		4			3		9
Personalidade, Avaliación de Trat. Psicolóxicos			1					1
Proxectos de Enxeñaría					2			2
Psicobioloxía							1	1
Psicoloxía Evolutiva e da Educación			1			2		3
Psicoloxía Social			1					1
Psiquiatría					2			2
Química Analítica							1	1
Química Física						1		1
Química Inorgánica		1				1	1	3
Química Orgánica						1		1
Radioloxía e Medicina Física				4	1			5
Socioloxía			1			1		2
Tecnoloxía Electrónica	1							1
Teoría e Historia Da Educación			1		1	2		4
Urbanística e Ordenación Do Territorio					1			1
Xenética		1				1		2
Mestrados					43			43
Total	21	13	46	5	60	44	19	208


Cadro 155 (continuación) Concursos convocados en 2010 por áreas de coñecemento



Cadro 156 Evolución do PDI de corpos docentes universitarios 2004-2010



Cadro 157 Evolución do PDI laboral permanente e con compromiso de estabilidade 2004-2010



Cadro 158 Evolución do PDI permanente doutor 2004-2010